



# Carlos Casares

LETRAS GALEGAS 2017

# Casares destacou como escritor, xornalista e político

## Redacción A CORUÑA

Carlos Casares naceu en Ourense, o 24 de agosto de 1941, pero aos catro anos marchou para Xinzo de Limia, onde o seu pai traballaba de mestre, e foi precisamente esta comarca a que deixou unha pegada máis fonda nel.

O futuro escritor viviu nun ambiente entre aldeán e vilego, en permanente contacto coa súa familia espallada por distintos puntos da comarca, con casas en Lamas, Beiro e Sabucedo, ademais de no propio Xinzo, nas que pasará longas tempadas. Todos lugares que Casares recordaría sempre con gran viveza e que reaparecerán unha e outra vez na súa obra literaria.

Na familia matera de Casares abundaban as vocacións eclesiásticas e a súa nai era unha muller moi relixiosa, o que provocou que enviaran a Carlos a estudar ao Seminario de Ourense, pese a que o seu marido era home de ideas liberais e non se sentiu entusiasmado coa decisión.


## Seminario

Carlos ingresou no Seminario no ano 1952 e foi alí onde o seu destino literario comezou a manifestarse. Publicou nesta etapa un periódico chamado "El Averno", do que, segundo declararía máis tarde, era "director e único redactor". Ademais, tamén foi decisivo na súa vocación o contacto cun profesor de Literatura chamado Agustín Madarnás. Nesta época, Casares devorou a moita literatura dispoñible no Seminario, dende os clásicos grecolatinos ata autores españois e estranxeiros que non presentaban perigos morais. Aos escritores perigosos (Balzac ou Voltaire, Flaubert ou Stendahl) líaos nos veráns de Xinzo de Limia gracias a que Antonio Rodríguez, bibliotecario da vila, republicano e comunista, suministráballes estes títulos. Ambos mantiveron unha amizade sempre.

Xa fóra do Seminario, Carlos presentábase a un concurso provincial de relatos breves e gáano.



Carlos Casares foi un inquieto intelectual, dinamizador da cultura galega | ARQUIVO FUNDACIÓN CARLOS CASARES



### O galo de Antioquia

NARRATIVA,  
Castromil, 1994

Un bo resume de moitos dos temas tocados pola narrativa do autor ao longo da súa traxectoria, situados no pano da paisaxe vilega de Xinzo de Limia, onde pasou a súa infancia.



### Cambio en tres

NARRATIVA,  
Galaxia, 1969

Unha das súas obras máis experimentais, que entroncou no seu día coa prosa europea de vangarda. Obra orixinal escrita como un torrencial monólogo interior.

Este foi o primeiro galardón dunha carreira curta pero repleta de éxitos. Arturo Lezcano o levou daquela a coñecer a Vicente Risco, que formara parte do xurado e que eloxiou vivamente os seus escritos. A partir deste encontro ambos fixéronse amigos.

### Ramón Piñeiro

Os anos 60 comezan na vida de Carlos coa marcha de Ourense a Compostela, onde entra rapidamente en contacto co grupo de estudantes galeguistas nucleados en torno a Ramón Piñeiro.

As súas ideas políticas lévanelle a participar militantemente en actividades culturais que contestan o oficialismo franquista do SEU, entre elas a organización do histórico recital de Raimon en Santiago, preludio certo do que

será meses máis tarde o sesentaio compostelán.

Tras uns dubitativos inicios poéticos, que lembrará máis adiante con simpatía, Casares publicou en 1967 "Vento ferido", un libro de relatos xuvenís que soportarán rexamente o paso do tempo e que aínda hai pouco tempo mereceron as honras da publicación en lingua inglesa. Un ano máis tarde gaña o primeiro concurso de relatos convocado pola Asociación Cultural O Facho con "A galiña azul", un conto para nenos que reflicte moi ben o espírito comprometido e libertario dunha época negadora de convencións e uniformismos.

O Casares xornalista, que tanto recoñecemento obtivo no comezo dos anos noventa, escribe nesta etapa nas páxinas de "La





### Deus sentado nun sillón azul

NARRATIVA,  
Galaxia, 1996

Casares recrea todas as tensións e os medos dunha época, a da posguerra española e a Segunda Guerra Mundial, nunha pequena cidade galega.



### A galiña azul

LITERATURA INFANTIL,  
Galaxia, 1969

É probablemente o máis popular dos libros de Casares e un dos fitos fundamentais da literatura infantil galega. Desliza, baixo a aparencia de conto, a súa mensaxe contra a inxustiza.



### As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas

LITERATURA INFANTIL,  
Galaxia, 1973

Debedora do surrealismo e mesmo do cinema humorístico dos primeiros tempos, é unha pequena peza dramática desbordante de alegría.



### Un polbo xigante

NARRATIVA,  
Galaxia, 2000

Última ficción publicada por Casares en vida, revive en apenas corenta páxinas o espírito divertido e paradoxal e o ton de realismo máxico de obras como "Os escuros soños de Clío".

Región de Ourense", nas que inicia a serie "Con esta lupa" en colaboración co debuxante Siro. A década, non obstante, acaba mal: no seu primeiro traballo, nun colexio de Viana do Bolo, Casares é acusado de "comunista" por pretender que os nenos pobres da vila puideran acceder gratuitamente aos servizos do comedor escolar, poñendo de manifesto unha rede de corruptelas ao seu arredor. O conflito remata con Casares expeditado, despedido e inhabilitado para impartir a docencia en todo o territorio galego, o que o empuxa a marchar a Bilbao. Pero hoxe aquel colexio de Viana do Bolo chámase Instituto Carlos Casares.

### Foi expulsado do seu primeiro traballo por pedir que o comedor escolar fose gratis para os pobres

### Coñeceu a súa muller nun tren e esta relación levaralle a descubrir a cultura sueca

Ex libris de Carlos Casares | ARQUIVO FUNDACIÓN CARLOS CASARES

que se afianza como escritor, coa publicación de títulos como "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas", "Xoguetes para un tempo prohibido" ou "Os escuros soños de Clío". Casares é xa unha referencia para a política e a cultura de oposición en Galicia, sempre dende as filas do galeguismo autonomista e apartidario liderado por Ramón Piñeiro e nucleado en torno a Galaxia, editorial a cuxos traballos se vincula cada vez máis estreitamente.

En 1976 recibe o Premio da Crítica Española por "Xoguetes para un tempo prohibido" e o 27 de maio de 1978 ingresa na Real Academia Galega. Remata a década publicando o seu ensaio biográfico sobre Curros Enríquez e "Ilustrísima", que chegará a ser a súa novela máis coñecida e popular.

### Deputado

No ano 1982, Casares sae elixido deputado ao Parlamento de Galicia pola circunscripción electoral de Ourense. Presentouse ás eleccións como "galeguista independente" nas listas do PSdeG-PSOE, acompañado por Ramón Piñeiro, Alfredo Conde e Benxamín Casal.

O espírito de consenso, ao que tanto contribuíron os deputados galeguistas, deu froitos como a aprobación por unanimidade da Lei de

Normalización Lingüística. Pouco antes de rematar a legislatura, no ano 1985, Piñeiro decide propoñer a Casares como director de Editorial Galaxia, cargo que desempeñará ata a súa morte procedendo a reestructurar e modernizar a emblemática editorial viguesa.

Nos oitenta publicará as súas biografías de Vicente Risco e Otero Pedrayo, así como un saboroso libro de conversas con Ánxel Fole, pero non volverá á creación novelística ata 1987, ano no que aparece "Os mortos daquel verán".

Respondendo a unha invitación da Unión de Escritores da Unión Soviética viaxa en 1983 pola extinta URSS, impartindo conferencias e participando en seminarios xunto con outros escritores, como Manuel Vázquez Montalbán ou Joan Perucho.

Xa nos noventa, concretamente en 1992, Casares empezou a publicar diariamente en "La Voz de Galicia" a súa columna "Á marxe" acadando un gran éxito que o converte nunha figura popular en Galicia. Posteriormente continúa escribindo biografías e títulos dedicados aos rapaces, pero céntrase sobre todo en dúas novelas de gran ambición literaria, "Deus sentado nun sillón azul" (1996) e "O sol do verán" (2002), que serían suficientes para consideralo como un dos grandes da historia das letras galegas.

### Recoñecemento

Nesta etapa recibe importantes premios, tanto polo seu labor xornalístico -"Fernández Latorre", en 1993 e "Julio Camba", en 1995- como polas súas creacións novelescas. Fáltalle un voto para obter o Premio Nacional de Narrativa de 1997 por "Deus sentado nun sillón azul", pero é distinguido cos Premios da Crítica de España e de Galicia. Convértese nestes anos nun inquieto intelectual e dinamizador que, ademais de dirixir Galaxia e a revista "Grial", preside o PEN Clube de Galicia e o Consello da Cultura Galega, forma parte do Padroado da Fundación Caixa Galicia, dirixe os cursos de verán da Fundación Camilo José Cela, participa activamente na vida da Real Academia Galega e, xa con case sesenta anos, non dubida en embarcarse nun Expreso da Literatura Europea que durante mes e medio percorre Europa dende Lisboa ata San Petersburgo.

O día anterior á súa morte entregou a versión definitiva de "O sol do verán". Os que estiveron con el no hospital contan que, minutos antes de morrer, bromeou e mesmo botou algunha risa. ●



### Á marxe, 1995

ARTÍCULOS,  
Galaxia, 1995

Diálogo constante, cita obrigada e cotiá cos lectores, os artigos xornalísticos de Casares conforman un diario persoal onde a vida discorre como un fluxo permanente.



### A vida do padre Sarmiento

SEMBLANZAS,  
Galaxia, 2001

Un repaso pola existencia do ilustrado galego, Frei Martín Sarmiento, pensador adiantado ao seu tempo e precursor da defensa de Galicia e o seu idioma.

### Kristina Berg

En 1971, nun tren que se dirixe a Santiago de Compostela, Casares coñece a Kristina Berg, unha rapaza sueca que navega por Galicia a bordo dun barco digno dunha película de piratas.

O casamento, que se produce moi pouco despois en Ourense, abríralle a Carlos as portas de Suecia, un país que acabará coñecendo moi ben, incluída a súa lingua, e que converterá nunha especie de modelo ideal para a súa Galicia soñada. Estes son tamén os anos nos



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

### Programación de actos e actividades

#### Exposicións

##### CASARES NA BIBLIOTECA DE GALICIA

A BIBLIOTECA DE GALICIA CUSTODIA a biblioteca e o arquivo persoal de Carlos Casares, con preto de 6.000 volumes, entre os que se inclúen primeiras edicións e coleccións completas de destacados autores da literatura galega, ademais de manuscritos, cartas, fotografías...

##### O PRINCIPIÑO AO REDOR DO MUNDO

A FUNDACIÓN CARLOS CASARES PROGRAMA ao longo do ano esta mostra itinerante con máis de 100 exemplares de distintas edicións d'O Principiño, de Saint-Exupéry, en máis de 60 linguas, xunto con outras pezas que dan boa conta do afán de coleccionista de Casares.

##### CARLOS CASARES E A FOTOGRAFÍA

A MIRADA DE CASARES A TRÁVÉS DE 70 instantáneas tomadas por el ao longo da súa vida e de retratos do ámbito familiar e dos amigos centra esta exposición itinerante que se completa cunha selección de máquinas fotográficas da colección particular do escritor.

##### AS CARAS DOS LIBROS. O DESEÑO DE PORTADAS

MÁIS DUN CENTO DE PORTADAS DOS LIBROS publicados de Casares conforman esta mostra itinerante da Fundación Carlos Casares e da Asociación Rochaforte, coa colaboración da Xunta, que se completa con información sobre os deseñadores, maquetadores, ilustradores...

##### OS MUNDOS DE CARLOS CASARES

EXPOSICIÓN CENTRAL SOBRE A FIGURA, a obra e o tempo de Casares, que xorde da reelaboración e ampliación da exposición homónima orixinal de 2003, cunha nova forma ao lume da catalogación do arquivo persoal do autor, realizada de 2010 a 2012.

#### Ámbito educativo

##### RECURSOS DIDÁCTICOS

A TRÁVÉS DO ESPAZO WEB PRIMAVERA DAS Letras, a Real Academia Galega pon ao dispor dos centros de ensino de infantil e de primaria propostas didácticas arredor das Letras Galegas, con actividades para lle achegar ao alumnado o universo literario que creou Casares.

##### CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2017

A SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA Lingüística convoca un concurso dirixido aos centros de ensino non universitario para a realización dunha exposición de carteis divulgativos do autor homenaxeado polas Letras Galegas.

##### CAMPAÑA DE A GALIÑA AZUL

GALAXIA ORGANIZA ESTA CAMPAÑA DE animación á lectura centrada neste título. Cada neno e nena participante recibirá un exemplar do libro para o traballo na aula, que se completará coa asistencia á representación da adaptación teatral feita por Ubú Teatro.

##### CAMPAÑA DE TORIBIO

CENTRADA NA SAGA DE RELATOS DE Casares, os nenos e nenas participantes lerán os contos das aventuras de Toribio na aula e asistirán, posteriormente, a unha sesión de contos de Maica Álvarez, con música, ritmo e xogo.

#### Divulgación

##### FALADOIROS ARREDOR DE CASARES

AO LONGO DO ANO, DIVERSOS municipios acollerán os faladoiros e debates sobre a figura do escritor organizados pola Fundación Carlos Casares. As voces de familiares e amigos, para afondar no coñecemento da súa vida e do seu universo creativo.

#### Participación social

##### ROTEIROS CARLOS CASARES

DIVERSOS ROTEIROS LITERARIOS percorreren a xeografía vital e literaria de Casares nos principais concellos vinculados co escritor, con paradas en diferentes escenarios emblemáticos da súa traxectoria.

##### CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN colabora coa Carreira Camiño das Letras, unha proba organizada para o mes de maio por Xurdir, que une a conmemoración do Día das Letras Galegas e o simbolismo do Camiño de Santiago co deporte.

##### NOVOS CONCURSOS LITERARIOS

O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA convoca o Premio de Xornalismo para artigos de opinión en galego. Ademais, promoverá o II Concurso Literario Xuvenil de Relato Curto Carlos Casares, e un concurso de deseño de portadas.

##### Homenaxes

##### HOMENAXE DO CONCELLO DE OURENSE

CASARES RECIBIRÁ MAÑÁ A HOMENAXE da súa cidade natal organizada polo Concello de Ourense que dará comezo na casa consistorial e que continuará na praza Bispo Cesáreo, coa descuberta pública dunha placa do escultor Xosé Cid.

##### CICLO DE CONFERENCIAS

CO FIN DA DIFUSIÓN SOCIAL DA FIGURA e da obra de Casares entre a cidadanía en xeral e, entre o alumnado de educación secundaria, a Editorial Galaxia promove diversas charlas en Galicia impartidas polo académico da RAG e profesor Henrique Monteagudo, e polo escritor Antón Riveiro Coello.

#### Lecturas públicas e recitais

##### LECTURAS NAS RÚAS DE OURENSE

O CONCELLO DE OURENSE CONVIDA HOXE, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, á cidadanía a participar nunha lectura pública de textos de Casares, no marco dunha xornada que incluírá música e un obradoiro infantil.

##### LECTURAS DE MICRORRELATOS

DURANTE O MES DAS LETRAS GALEGAS o alumnado de primaria e de secundaria de Ourense participará nun recital literario público promovido polo Concello, no que lerán microrrelatos escritos para a ocasión.

##### LECTURAS PÚBLICAS DE "VENTO FERIDO"

O CONCELLO DE XINZO DE LIMIA programa lecturas públicas da obra "Vento ferido" para conmemorar o cincuenta aniversario da súa publicación. As bibliotecas públicas galegas programan, ao longo do mes de maio, mostras e actividades.

##### IX FESTA DA PALABRA NA INSUA DOS POETAS

XORNADA DE HOMENAXE A CASARES DA Fundación Insua dos Poetas o 22 de xullo. Presentación do cartafol Carlos Casares na Insua dos Poetas e inauguración do grupo escultórico Vento ferido da autoría de Manuel Bucioños.

##### CASARES NA RADIO GALEGA E NA TVG

A CRTVG DESENVOLVERÁ UNHA programación especial para reforzar a difusión da figura de Casares, con especial cobertura dos actos do 17 de maio. A RG emitirá microespazos con textos do escritor, faladoiros e entrevistas. A TVG estreñará diversas obras audiovisuais, documentais e programas.



##### ENTIDADES PARTICIPANTES:

- Asoc. ASPROMOR - CEP. José Mª Lage - El. Galiña Azul - El. Pafucos  
- ES Ortigueira - Residencia/C.D. de Persoas Mozas de Ortigueira

##### ENTIDADES COLABORADORAS:

- Concello de Ortigueira - Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar - Escola de Gaitas de Ortigueira  
- Agallof, Rostizo do Castiño (Ferrol), Rostizero Alba (Ferrol)  
- La Voz de Ortigueira

Axenda Cultural

##### MÉRCORES 17 CONCERTO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



Hora: 20:30h.,  
Lugar: Teatro da Beneficencia.  
"Lyrica 's en Galicia" (Música de autores galegos).  
JULIA DOPICO E  
DIANA SOMKHEIVA

##### XOVES 18 PRESENTACIÓN OFICIAL DO 33º FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA

Hora: 12:00 h.  
Lugar:  
Cervexería Catro Camiños de Estrella Galicia (A Coruña).



Contaremos coa presenza dos patrocinadores do evento: Xunta de Galicia, Deputación de A Coruña, Estrella Galicia, Gadis e Abanca.

##### VENRES 19 CONTACONTOS "FLIPA COS CONTOS" BANDULLO AZUL

Hora: 17:30h Lugar:  
Biblioteca municipal.

(Unha viaxe polos contos tradicionais e o repertorio infantil de Carlos Casares, amenizados con música e canción en directo. Actividade incluída no programa "Ler conta moito" da Xunta de Galicia.



##### SÁBADO 20 CONCERTO DAS LETRAS GALEGAS

Hora: 20:30h  
Lugar: Teatro da Beneficencia.

BANDA DE MÚSICA DE ORTIGUEIRA



##### MÉRCORES 24

"FESTA INTERXERACIONAL DOS MAIOS. ORTIGUEIRA 2017" ás 10:30 na Praza Isabel II.

-10:30h. Chegada dos grupos e comezo da actividade:

- Elaboración da alfombra floral comunitaria.
- Exposición das estruturas dos maios e colocación dos carteis-murais dos centros na Praza.
- Mesa de traballo para despetelar e cortar tulla (para as persoas maiores)
- 12:00h-12:30h. Lectura das coplas dos Maiores por representantes de cada entidade.
- 11:30h- 13:00. Actuación Musical da Escola de Gaitas de Ortigueira.
- 13:30h. Remate da festa e recollida.

**DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017**

Unha viaxe con Carlos Casares, un magnífico escritor

# Un gran relator oral, ameno e divertido, que sabía escoitar

**XULO VALCARCEL**  
xulioiv@gmail.com

Mediados os anos noventa, non sei precisar a data, volvimos Carlos Casares e mais eu de Corcubión á Coruña. As estradas non eran as de agora, a viaxe facíase longa, pero a súa conversa fíxoa moi entreteida. Viñamos dun congreso que organizara Suso de Toro e do que a penas lembro nada. Pero conservo vivo o recordo dalgúns temas que Casares me foi comentando mentres guiaba o seu auto. O primeiro, a propósito do apelido dun dos escritores asistentes, Rey Ballesteros, a dúbida de se no galego había equivalente á palabra "ballester" castelá, que resolvimos como "besteiro", o soldado que usaba a "bésta", arma consistente nun arco flexible suxeito a un mango de madeira para disparar frechas, pedras ou balas. Parello fonéticamente atopamos a palabra (tamén apelido) "bestilleiro", criador ou tratante de bestas, encargado de conducir unha "recua" ou "reata", que así se denomina a fileira de bestas atadas unhas ás outras (como rabaño se aplica as ovelas e piara ou ladarra os porcos).

Pasamos logo a comentar a necesidade de que o noso idioma atinxise espazos ata entón vedados, como os medios de comunicación audiovisuais, e, aínda que confesou non seguir a serie "Mareas vivas" (nas que Luís Tosar se descubriu como un excelente actor hoxe amplamente reconecido), coincidía Casares en que eses espazos, digamos "populares", contribúen a normalizar o uso, a frecuencia e a plena instalación en todos os ámbitos do galego.

Nese sentido, expresoume a satisfacción que lle producía o aumento de lectores que acadara a literatura galega (e citou a Manuel Rivas) nos últimos anos. Ao tempo, lamentou a incompreensión recibida desde algún sector a propósito da súa columna "A marxe", considerada demasiado lixeira e cun galego pobre e achegado en exceso o español. Crítica que eu coñecía por comentarios de algúns amigos e que desmentín argumentando que,

nun momento de precariedade e tratándose da contraportada dun xornal, o importante era lograr o maior número de lectores, familiarizalos co léxico, a sintaxe, a graza, a cor e o sabor sonoro do idioma, e, na medida do posíbel, fidelizalos de maneira que o primeiro que buscasen ao coller o xornal fose esa columna.

Por fin, sabedor Casares do meu interese pola obra de González Garcés, rememorou a polémica (na que el tomara parte) derivada da publicación en 1974 da antoloxía "Poesía Gallega Contemporánea",

**Conservo vivo o recordo dalgúns temas que Casares me foi comentando mentres guiaba o seu auto**

na que o autor escolmaba oito poetas: Luís Pimentel, Manoel Antonio, Iglesia Alvaríño, Cunqueiro, Eduardo Moreiras, Celso Emilio Ferreiro, Camilo José Cela e o propio Garcés.

A dúbida (amén da extemporaneidade de considerar a Cela poeta, e menos poeta galego) xurdía da conveniencia ou non de incluírse o propio antólogo, aínda que neste caso (ese era o meu argumento) a

**Un país de palabras**ENSAIO,  
Galaxia, 1998

**Quince ensaios donde xunta o seu amor polos aspectos menos usuais da historia e os costumes de Galicia, a literatura e os amigos.**

**Lolo anda en bicicleta**LITERATURA INFANTIL,  
Galaxia, 1996

**Un canto á liberdade e ao goce das cousas máis sinxelas: un paseo en bicicleta, unha boa receita, a familia...**

inclusión viñese xustificada polo editor, Enrique Badosa, nunha nota que en canto puiden confirmei. Dición: "Miguel González Garcés non es sólo un excelente conecedor y traductor de la poesía gallega, sino que también es uno de los más destacados poetas galaicos contemporáneos. Por este motivo, resulta de toda justicia que en el presente volumen no falte una selección de poemas de Miguel González Garcés, versos asimismo seleccionados y traducidos por este poeta. Que la modestia del antólogo venga compensada por esta decisión editorial". E no limiar explicaba tamén Garcés as razóns que o levaran a autoescolmarse.

Anos despois, Xesús González Gómez afirmaría (apelando ao testemuño do propio interesado) que Enrique Badosa nunca escribiu esa nota. O tema ten o seu aquel porque inciden cuestións de oportunidade, pudor, elegancia e lexitimidade. Pode ser lexitimo pero non ser elegante. Ou pode ser, sinxelamente, un erro. Todos os cometemos. Manuel María insistía en que as persoas hai que xulgalas polos acertos; mesmo aceptando que sexa un erro a auto-inclusión de Garcés, iso non macula a súa brillante traxectoria literaria que valoramos e admiramos (en data próxima sairá publicada unha recopilación dos seus artigos).

Casares calou, non alegou nada á miña defensa. E nestas e noutras andrómenas, chegamos ao noso destino, A Coruña.

LETRAS GALEGAS  
CAMBADOS MAIO 2017

**"Cambados no centenario da Terra Asoballada de Ramón Cabanillas, poeta da raza".**

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRACONCELLO DE  
CAMBADOSCAMBADOS  
2017 Cidade Europea do Vino



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

Reeditan "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas"

# Unha das súas metas foi promover a cultura galega entre os máis novos

**REDACCIÓN**  
A Coruña

Co motivo da celebración do Día das Letras Galegas, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, quixo destacar o compromiso de Carlos Casares, autor homenaxeado en 2017, coa promoción da cultura galega entre os máis novos.

O pasado día 5 de maio, Domingo Villar presentou a edición conmemorativa de "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas", unha peza dramática escrita a principios dos anos setenta polo autor ourensano, que co paso do tempo convertiuse nun clásico do teatro infantil.

Esta reedición non ten un fin comercial, senón que distribuírase en bibliotecas, colexios e outros organismos para continuar coa labor de divulgación xuvenil iniciada por Casares e manter o seu espírito dinamizador. Esta peza conta cun prólogo escrito por Villares e un estudo da profesora de Literatura Infantil e Xuvenil Montse Pena Presas. Ademais, inclúe varias ilustracións do debuxante Luís Seoane.

A profesora Montse Pena asegurou neste mesmo acto que pese a que o arte dramático xuvenil era un campo que "non lle intere-

saba especialmente", o cultivaba porque si que lle importaba moito o seu papel na normalización lingüística da lingua galega.

### O "poso social"

Ademais, Montse Pena explicou que mentres que "A Galiña azul" nos ensinou a "non ser homoxéneos", a obra "As laranxas máis laranxas de todas as laranxas" mostra como "o inxenio e a intelixencia poden facer fronte a calquer abuso de poder", sinalou.

"A fantasía é unha arma de rebelión masiva para levarnos hacia a tolerancia", subliñou Pena, quen basou o seu traballo no material inédito do autor ourensán: tanto en cartas persoais do escritor como no arquivo da Sociedade Cultural O Facho.

Esta peza teatral gañou o Concurso de Textos Teatrais O Facho en 1973 e, nese mesmo ano, se representou por primeira vez na I Mostra de Teatro de Ribadavia.

### Proxectar a lingua á sociedade

Con todo, este non foi o único recoñecemento que recibiu Casares por parte das institucións e políticos galegos. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, reivindicou o pasado 7 de maio, o papel xogado por Carlos Casares para impulsar a lingua galega máis aló do ámbito ex-



Carlos Casares impulsou a lingua galega máis aló do ámbito académico | AEC

### Casares "estaría preocupado pola redución de falantes entre a mocidade"

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, definiu o homenaxeado como "un adiantado" ao seu tempo, que "estaría impresionado" da evolución dos novos formatos e "os avances das redes sociais", pola "facilidade" para entrar en contacto coas persoas e "a xente nova", un sector que consideraba crucial para o avance do idioma. "O que non quere dicir que non falten por facer moitísimas cousas", puntualizou García, dado que Casares, que tivo un papel relevante na Lei de Normalización Lingüística, "estaría preocupado" pola redución de falantes entre a mocidade ou que "a lingua non ocupase máis espazo nos medios de comunicación". Ambos son aspectos esenciais do pensamento do escritor, como se desprende do seu traballo a favor da literatura ou na observación da realidade para plasmala nos textos.

**Os que o coñeceron destacan que logrou promover un "ambiente de cordialidade" ao redor do idioma galego**

clusivamente académico e erudito dos intelectuais.

García destacou, sobre todo, o seu traballo para conquistar dúas premisas ao redor do idioma: "sacalo dos ámbitos estancos" para "proxectalo cara a sociedade" e avanzar cara o "consenso".

"Tiña un carácter de tender pontes, foi o primeiro que empezou a explicar a moitos a necesidade dun ambiente de cordialidade ao redor do idioma", considerou o mandatario autonómico nunha entrevista na que abordou a vida do "poliédrico" autor.

**ACTO DE  
CELEBRACIÓN  
DO DÍA DAS  
LETRAS GALEGAS**

MÉRCORES 17 DE MAIO 12:00 H.

LUGAR: PRAZA DO CONCELLO


ORGANIZA: CONCELLO DE CEDEIRA

COLABORA: ANPA PICAPEIXE DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO

*"Lorenzo encargame que che dea lembranzas del e da súa galiña azul"*

Carlos Casares

Concello de  
**Cedeira**



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

Iniciou o camiño que moitos autores e autoras percorreren ao longo do tempo ata chegar ata hoxe mesmo

## De “Vento ferido” a “Os escuros soños de Clío”

LAURA PIÑEIRO PAIS  
Centro Ramón Piñeiro

## Vento ferido

RELATO,  
Editorial Galaxia, 1991**“Vento ferido” nace na colección Illa Nova de Galaxia e ten como antecedentes as tres narracións que foran publicadas no número 7 de Grial (1965)**

Das case catro décadas de actividade literaria, *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío* representan o punto de partida e de chegada do periplo de Carlos Casares no ámbito do relato, alén das pequenas narracións —case que microrelatos— que albergaron as páxinas da súa columna “Á marxe”.


O primeiro libro de relatos de Carlos Casares ve a luz en 1967, tras abandonar o camiño da creación poética que iniciara pouco despois da súa chegada a Compostela. *Vento ferido* nace na colección Illa Nova de Galaxia e ten como antecedentes tres narracións que foran publicadas no número 7 de Grial (1965). O conxunto foi recibido moi positivamente por parte da crítica, que destacou as calidades da súa prosa fluida e clara, o lirismo expresivo, o realismo dos espazos narrativos e a profundidade psicolóxica dos personaxes. As doce narracións versan sobre a existencia duns personaxes de gran profundidade, inseridos en espazos realistas e enmarcados nunha realidade temporal concreta —anos da posguerra—. Nestes textos observamos a presenza de moitas das lecturas de Carlos Casares, xa que hai pegadas de Pavese, de Camus, de Castelao, de Dieste, de Blanco Amor... O conxunto é mostra evidente da evolución do conto tradicional ao conto literario pola innovación da modalización

e da perspectiva; polo tratamento do binomio espazo-tempo a partir da concreción espazo-temporal; pola renovación da tematoloxía e dos personaxes e pola elaboración da linguaxe narrativa.

A segunda contribución do autor ao ámbito do relato galego tardaría algo máis dunha década en chegar. Deste xeito, tras a publicación dos contos infantís de *A galiña azul* (1968), da comedia teatral *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973) e da celebrada *Xoguetes pra un tempo prohibido* (1975) nace *Os escuros soños de Clío*, un conxunto de narracións que saíu do prelo de Edicións do Cerne en 1979 e pola que un ano despois

da súa publicación obtén o prestixioso Premio da Crítica galega. A obra está formada por doce relatos independentes, baseados en textos apócrifos —como anticipa a cita inicial de W. Lübke—, que son de raíz galega polo tipo de personaxes e episodios narrados. Estes textos fusionan a verosimilitude, o rigor da documentación histórica, coa imaxinación e a fantasía e están marcados por un ton eminentemente lúdico que rompe cos preceptos da narración histórica. Estes contos son considerados homenaxes á escrita de Cunqueiro e de Borges pola introdución do elemento fantástico e a presenza de mitos e figuras clásicas enmarcadas en contextos realistas. A evidente natureza fantástica destes textos non os exime de certa verosimilitude no que respecta á toponimia, a anécdotas e a personaxes e feitos narrados.

Se analizamos en conxunto a contribución de Carlos Casares á narrativa breve observamos que ambas obras conflúen na sinxeleza da linguaxe, na natureza galega dos ambientes e dos personaxes, no lirismo compositivo e no tratamento do humor. Porén, os relatos difiren no proceso de fusión entre memoria e Historia, xa que mentres que en *Vento ferido* a historia atende ao pasado recente e ao estritamente autobiográfico, nos relatos de *Os escuros soños de Clío* os textos dialogan co propio concepto de Historia a través da musa Clío. A ruptura co realismo —aínda tendo en conta os evidentes ves-



Casares, en plena lectura dun libro



## Os escuros soños de Clío

NARRATIVA,  
Editorial Galaxia**Saíu do prelo de Edicións do Cerne en 1979 e un ano despois obtén o prestixioso Premio da Crítica Galega**

tixios de verosimilitude— e a introdución da materia fantástica é outro dos elementos que certifican esa evolución do contido narrativo. Así, *Vento ferido* marca unha fase de inicio, por ser, xunto con *Cambio en tres*, a obra que canoniza a Carlos Casares e o adscribe á Nova Narrativa Galega, mentres que *Os escuros soños de Clío* pechan esta anqueira cunha obra de acusada calidade e innovación formal. A síntese entre a sinxeleza, a confluencia entre memoria e Historia e o humor son as tres claves que definen o relato de Carlos Casares, quen definitivamente contribuíu a engrosar a nómina da narrativa breve galega e iniciou o camiño que moitos autores e autoras percorreren ao longo do tempo ata chegar a hoxe mesmo.



AS MELLORES LETRAS DE 2017

XERAIŠ  
en galego todo o tempo

XABIER PAZ ANIBAL e a Pintora  
ALBERTE BLANCO O Códice esmeralda  
HÉCTOR CAJARAVILLE Once portas  
NACHO TAIBO Os tres de nunca  
XOSÉ BENITO REZA Terradentro

XABIER PAZ ALBERTE BLANCO HÉCTOR CAJARAVILLE NACHO TAIBO XOSÉ BENITO REZA ANIBALE APINTORA O CÓDICE ESMERALDA ONCE PORTAS OSTRES DENUNCA TERRADENTRO



**DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017**

El mesmo recoñecía, refire Riveiro Coello, que non posuía dotes de actor e tiña moito medo escénico

# Carlos Casares dramaturgo

**HENRIQUE DACOSTA**  
Profesor de Lingua Galega



Talvez lle poida vir grande o apelativo "dramaturgo" ao noso autor, e non o dicimos por falta de calidade canto a aptitudes se refire, senón á súa escasa produción dramática, pois redúcese a unha única peza: *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*. Caso dar por certo o afirmado por Ramón Loureiro —dío Manuel Guede, director do CDG, na publicación feita para a representación desta obra en 2004—, Carlos Casares teríalle confesado que aos quince anos tiña rematado catro ou cinco obras de teatro que chegaron a ser representadas. Pena, no entanto, que non ficase constancia ningunha no Seminario

de Ourense, lugar en que este estudara daquela.

Días atrás Riveiro Coello escribía como o seu avó de Lamas, Herminio, tería influído de maneira importante no seu neto na hora da escrita. Manuela, a mai de Carlos, tamén lles dirixía aos meniños obras de teatro.

El mesmo recoñecía, refire Riveiro Coello, que non posuía dotes de actor e tiña moito medo escénico. Con todo, en Lamas seica armaran un confesionario para unha peña teatral en que el facía de padre. Cando a súa curmá Olimpia, vestida de velliña, se lle foi confesar (pecara de vaidade ao verse fermosa ollándose no espeillo), a resposta agardada dos rezos de varios avemarias converteuse nun improvisado: "Vai con Deus, miña filla, que equivocarse non é

pecado". Todo isto, disque, fóralle contado a Riveiro Coello por outra curmá de Carlos, Rosa.

*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* é hoxe un texto canonizado no noso sistema literario. Estamos a falar dun clásico da nosa produción dramática infantil.

A versión representada polo CDG estaba orientada para rapaces de entre 4 e 12 anos. Certamente, procuráronse arquetipos que ultrapasaran as simples personaxes da Comedia dell'arte. Dalgún xeito, o Veciño Gordo remitiría ao deus Dionisio. Anxa (protagonista xunto con Elías) estaba próxima do arquetipo da Grande Mai, coidadora da natureza e da terra. Elías, porén, era pequenote, unha sorte de clown que gusta de aparentar forza, mais no fondo é un meniño dependente da forza telúrica e real das mulleres.

O enredo, de ambiente rural galego, comeza na horta dos susoditos protagonistas. Un bon

día achan que ao limoeiro lle naceran cinco enormes laranxas. Elías, ao lle tocar a unha, estoupa, e a partir dese instante comezan a se dar acontecementos a cada pouco máis insólitos, disparatados, absurdos... Búscase deliberadamente a comicidade por medio da explotación do fantástico e do absurdo.

O ritmo da peza até pode lembrar algún dos máis delirantes filmes de cinema silente: comeza cunha certa orde para despois ir tornando nun verdadeiro despropósito.

Existe unha evidente conexión co teatro do absurdo. Unha peza teatral que, alén dos valores literarios, contén valiosas e eficaces propostas. Gañará con ela o "Curso de Teatro Infantil Galego" da Agrupación Cultural "O Facho" (1973), e a edición do libro acompañarase duns figuríns e bocetos que Luís Seoane deseñara para a estrea da obra.

Na *dramatis personae* —alén dos citados Veciño da Escopeta, a Veciña Sabida, a Desdentada, o Torto, o Ovo, o can Paulino—, está

tamén a galiña Petra, arremedo da galiña azul do conto homónimo de 1968. Na escrita do texto hai recursos hiperbólicos que buscan a fascinación e abraio do lector-espectador infantil, con elementos prodixiosos e inverosímiles.

A historia é fantástica, con claras tendencias surrealistas e do nonsense, e elementos intertextuais propios da mitoloxía grega ou d' *As mil e unha noites*. O mito do Corno da Abundancia da ninfa Amaltea, así como a cova de Alí Babá cos seus tesouros alimentan esta apreciación.

Os valores da paz e da non violencia son tamén de notar. Todas as personaxes veranse gratificadas ao final pola súa conduta solidaria. Só o Veciño da Escopeta merece o castigo e desprezo dos veciños, recriminado e burlado por todos, debido ao desexo de impor a súa vontade coa forza da súa arma.

*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* veu marcar, en fin, o inicio dunha etapa vizosa no teatro infantil, hoxe todo un clásico e un referente.

## San Sadurniño informa...

www.sansadurniño.gal

### LETRAS GALEGAS 2017

**17 de maio**  
**CONTANDO A CARLOS CASARES**  
Documental de Gonzalo Veloso  
Casa da Cultura  
19.00h.

**18 de maio**  
**CARLOS CASARES E A XERACIÓN DOS 60**  
Conferencia de Xesús López  
Casa da Cultura  
19.00h.

**ata o 22 de maio**  
**CRÓNICAS DA REPRESIÓN LINGÜÍSTICA. GALICIA, 1936...**  
Exposición de Xan Leira  
Galería da Casa do Concello  
de 8.30 a 14.30h. de luns a venres.

## LETRAS GALEGAS 2017

**Mércores 17 de maio, 18:00 horas**  
**Auditorio Municipal (entrada de balde)**

Rondalla de Cariño. Coral Polifónica de Cariño  
Escola de Música M<sup>a</sup> Luisa Novo  
Grupos de Baile Tradicional A.F. San Xiao do Trebo  
A.F. San Xiao de Trebo

Colaboran: María Garrote Coral Polifónica de Cariño. Rondalla de Cariño.  
Escola de Música M<sup>a</sup> Luisa Novo. A.F. San xiao do Trebo

20/05 - 19.30 h. Cinemas de Galicia: "Mimosas" de Oliver Laxe  
27/05 - 19.30 h. Cinemas de Galicia: "Eu, Daniel Blake"

**CONCELLO DE CARIÑO**



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

Faisca irónica, faisca retranqueira, pero non do escéptico mais do home que sabe que a especie humana é tan reversible

## O sorriso de Casares

VICENTE ARAGUAS  
Crítico literario

Outros saberán moito máis de Carlos (outros calarán moito máis de Carlos) mais eu quero dicir algunhas cousas que me cadrara vivir perto súa. A primeira –básica– que como lector disfrutei moito da súa lectura. Desde os tempos ben lonxanos de *Vento ferido*, cando ler/ mercar libros en galego era cáseque un deber cívico. E os deberes, ¡lástima foral, e os praceres non canxan ben. (Pregúntenlles aos discentes de hoxe, forzados polos seus dómnes ler lecturas obrgadas).

E aínda así líamos aquel mandado de relatos casarianos con alegría melancólica. Sabíamos xa que Carlos Casares andivera nos arredores do mítico recital de Raimon (primavera do 67, que e cando aparece *Vento ferido*). O que lle outorgaba meirande predi-

camento diante nosa, militantes dun exército tan cativo como floreado. Carlos, sabíase, andaba por exilios interiores, aleccionando onde o levase un vento iguamente ferido. E nunha das súas reviravoltas véxoo, por vez primeira, na morada de Aurichu Pereira e Salvador García-Bodaño. Daquela tiña unha moza, Dolores Villarino, coído, política logo no Parlamento Galego. Éramos moitos alí aquela noite, entre outros Jaime Paz, logo presidente de Bolivia, entón casado con Esther Pereira, ben guapeteira, por certo.

Logo deixei de ver, que non de ler, a Carlos, tamén as súas columnas de *La Voz de Galicia*, nunha sección chamada (logo virían outras) *A ledicia de ler*. Na que saudaría con boureo razoado (agradecemento eterno) o meu primeiro libro de poemas, *Paisaxe de Glasgow*, subliñando o que tiña de afastamento da fórmula social-resesa. Algo así. Logo, despois, es-

touno vendo en Madrid, con Basilio Losada, camiñando os tres polas avenidas da Ciudad Universitaria. Eu entre os dous mellores narradores orais que teña atopado. Daquela encargárame artigos para Grial; algún quedou aí mais o certo é que non fun constante, igual é que me sentín en curral alleo, non sei.

En Madrid batín con Carlos en Sargadelos, na Casa de Galicia (un día, vergoña, no que os gatos éramos catro), en Crisol (de Lucio del Valle), abarrote cun público sobre todo de mulleres. Chamativa a capacidade de Carlos Casares, zel que lle dabas, camarada?, de atrager as donas. Fixenllo ver e chamoume esaxerado, con aquel sorriso de Carlos Casares, que lle achinaba máis aínda os ollos ata mudalos nunha faisca perpetua. Faisca irónica, faisca retranqueira, pero non do escéptico mais do

home que sabe que a especie humana é tan reversible como o riso e máis o pranto. Reversible cal Vicente Risco unha das súas especialidades, que lle dera pé a *Deus sentado nun sillón azul*, para min a mellor novela de Carlos, traducida ao español por Alfaguara, mais con pouca saída nesteidoma; incompresiblemente Casares non e coñecido fóra de Galicia, por máis que Caballero Bernald (veño de sabelo) tivese a Carlos como

un continuador sobranceiro da tradición oral, o mellor xunto a Juan Marsé e Juan García Hortelano. Cando máis o disfrutei nesta faceta sería en certo congreso mindoniense, setembro de 1996.

As noites (Carlos era noctívago) foran de esplendor, cos concorrentes ao redor súa, e de Dionisio Gamallo Fierros, tan vándallo, tan erudito, tan excéntrico.

Carlos, pura humanidade

arroupaba a aquel home, grandón e careca, ollos a brillar detrás dunhas lentes extrañamente im-polutas.

Gamallo falara dunha operación de próstata que viña de sufrir, para a que pedirá –pois que clásico– bisturí en canto de laser. Daquela os ollos de Carlos achinaban aínda máis cun sorriso entre sorprendido e feliz. Feliz de estar entre tanta xente pendente da súa palabra máxica.

Vin a Carlos Casares, vez derradeira, ano 2000 ou por aí, nun congreso do Pen Clube, indo e vindo das sesión aquelas, tan *déjà vu* como a vida –algunha vida– mesma, na compañía dunha dama fermosa e brancamente mística. Esa madrugada Carlos quedara sen tabaco e eu fora procurarlle un charuto dos que eu fumaba daquela, *El rey del mundo*–ao hotel (o San Clemente) no que eu paraba. O seu sorriso agradecido tivera para min, que admiraba e quería a Carlos Casares, un tanquer da Berenguela. Consérvoo. Gracias por todo, Carlos Casares, grande.

Logo, despois, estouno vendo en Madrid, con Basilio Losada, camiñando os tres



**FORESTAL**  
del Atlántico, S.A.

EMAS  
Gestión ambiental verificada

CERTIFIED  
IONet  
QUALITY SYSTEM  
ISO-14001  
ISO-9001  
ON-AS-18001

AENOR  
ER  
Empresa Registrada  
ER-1219/98

AENOR  
Gestión Ambiental  
CGM-01/320

AENOR  
ER  
Seguridad y Salud Laboral  
SSL-0007/2004

ENERXIA E INDUSTRIA GALEGAS

## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

Cómpre ser valente para enfrontarse a ti propio e acordar cousa ben distinta na prosa profana



Carlos Casares, nunha das súas máis coñecidas imaxes

# Debuxo esvaído de Carlos Casares

**LUÍS COCHÓN**  
Catedrático de Lingua e Literatura



O intento de presentar a Carlos Casares, a súa figura de tantos vértices, caras e planos (a solución podería vir no teorema de Euler), persoeiro representativo cuxa presenza, digo, de Casares en tantos aconteceres de noso, e de seu, sen paraxe, próximo ou remoto, na deriva viaxeira que o levou desde os hiperbóreos ata o outro costado do mar (ou Mar Maior), entre ambos os dous mundos, de aquín e de alén, quérese dicir, entre a metrópole e a diáspora, se adoitarmos telo presente en *Españoles de tres mundos*, figurado, Carlos, nas *caricaturas líricas* (así as chamou Juan Ramón) tan perspicaces e acutísimas, para retratar, primeiro e sucesivo, a aqueles individuos que acadaron sona e relevancia: mundo, dos que xa non están neste mundo; dos que pasaron o mar para irse de aquí; mundo, dos que quedaron de vez, nas duras, poucas nas maduras, en España.

Compartimos amizade desde o principio. Amizade, *tout court*, por lonxe que andáramos, amizade de preto, que non direi íntima, por renitentes que somos a expresar a pulsión lírica. No fondo, era Carlos un ser reservado e secreto, encerrado no mesmo xoque, camiño da soidade. Coma tante.

Cara de triángulo isóscele, barba mesta de días, a fretar nas maucías sempre, verán e inver-

no, bufanda ó pescozo, e a gabardina —probe— que sabía os invernos de memoria. Pelo de punta. Entretiñábase en papar a mosca, enviso, e cando volvía dar conta de si, con poucas palabras, parecía anoxado co mundo, co tempo, cos amigos: o andazo da época (*l'ère du soupçon*), o noxo totalitario, que non autoritario.

Non sei en que momento o poeta *laureatus* deixou de selo e tocou a andar cara á narrativa, onde lucrou logros mellores. Non se dá tal paso de boas a primeiras, nin dun día para outro, se un é poeta de veras.

**Compartimos amizade desde o principio. Amizade, tout court, por lonxe que andáramos**

Casares soubo no intre decisivo que el non fora chamado a ser poeta, sen mediar palabra, no silencio íntimo, que raramente se abría para os máis, o poeta crebrou a lira, que máis nunca tanxería na forma de verso. Cómpre ser valente para enfrontarte a ti propio e acordar cousa ben distinta na prosa profana. Ou non tan distinta.

Non esquezades a prosa dos poetas, porque algo daquel fulgor primordial, remanecerá noutras maneiras. Carlos quixo saber, por si, e ante si, que a voz poética —a

mesmidade que quixo ser— queda algo lonxe da literatura. Mesmo que Casares, autor dotado de talentos, soubo discernir o azar dun saque de dados. Hai decisións que un, ante si, debe tomar, sen consello.

Sempre nos perde querer ser demasiado intelixentes.

Ainda nos antipodamos ideolóxicos, un e outro, —falo de nós os dous— soubemos discurrir e pensar, mesmo discrepar, dúas persoas con conviccións e afeccións lectoras que, ó cabo era o que nos unía, a non ser os lazos de amizade difusa pero certa, consonte coa afinidade de dous mozos que viviron o acontecer compostelán do 68 (abril que non maio) onde todos —por un tempo— fomos uns, na asemblea.

Desde aquela tivemos presente que entre individuos curiosos e listos e *quaerentes* existe un vasto dominio de xenerosidade e entendemento, extra muros de reservas políticas —que as hai e que debe de haber— que acougan, amodo, outras estimas: a dilección por Erasmo ou por Montaigne, escépticos, ou por Flaubert —el era máis de Dickens— ou Camus.

En todo caso a biografía de Casares está por escribir. Sabemos do autor o que o propio autor quixo que soubesemos de si, ou algo menos.

Algúns segredos temos compartido —non deses que se din—, soubo calar, mesmo saber que ía dispoñer da súa morte propia en soidade: *de hoc hactenus* (de iso ata aquí [nada máis]).

## 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Homenaxe a Carlos Casares

A actividade programada polo Concello para celebrar o día das Letras Galegas e a representación teatral da obra *BON APPETIT* do grupo de Teatro GHAZAFELHOS. A obra é unha comedia na que Antua de la Sardiní, Philip de Toucignom e Fransuá de la Berenxem son os tres Chefs que nos van amosar os segredos da cocíña galega seguindo o prestixioso libro de receitas de Alvaro Cunqueiro, *A Cocíña Galega*, "Unha comedia onde a cocíña tradicional galega é o ingrediente perfecto para escachar de risa."

Lugar: no CEIP da Barqueira o 19 de Maio

Organiza: Concello de Cerdido

Colabora: Diputación da Coruña

Ese mesmo día o Concello tamén repartirá libros en galego a tódolos nenos e nenas do cole tratando de promocionar o libro e a lectura en galego.





## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

Todo aquel viveiro de lecturas e contactos deu pronto o seu froito

## Un poeta de principios

ARMANDO REQUEIXO  
Ensaista e tradutor

Carlos Casares, como é de sobra sabido, é un dos máis importantes narradores galegos da segunda metade do século XX. Mais o que se cadra non é tan coñecido é que chegou a significarse tamén como poeta e que esta súa inclinación lírica foi, amais, a primeira das súas vocacións literarias.

En efecto, cando Casares chegou a Compostela dende o seu Ourense natal en outubro de 1961 para cursar Filosofía e Letras era, sobre todo, poeta. Certamente, gañara xa un concurso provincial de relato no que lle distinguiran un conto en castelán, o que lle dera ocasión de tratar a Risco e entrar en contacto no grupo dos chamados 'artistiñas' que xuntaban no Volter. Pero alí, a quen lle prestaba oír era ao poeta Antón Tovar, de quen anos máis tarde confesaría que fora "o primeiro escritor que me impresionou como tal". Tamén en Ourense coñecera a Novoneyra nunha visita que este fixera á cidade das Burgas e foi por el por quen soubo da existencia de *Hombre último* (1961), o poemario que acababa de publicar un moi noviño Arcadio López-Casanova.

En Compostela contactou rapidamente con este último, con quen acabou compartindo pensión e, pola súa man, pasou integrarse no pequeno grupo de universitarios galeguistas da Agrupación Cultural O Galo, que tiñan en Ramón Piñeiro un guieiro ao que pronto visitou con asiduidade.

Nesa Compostela dos primei-

ros sesenta Casares foi un lector voraz de poesía, tanto galega coma foránea. Da nosa tradición bebía, sobre todo, nas *Escolmas* que por aquel entón publicara Galaxia, admirando a palabra transida de Pimentel, o visionarismo de Cuiña Novás, o transcendente radiante de Díaz Castro ou o telurismo de Novoneyra, aos que se sumaban, naturalmente, o entusiasmo pola saída de novos libros de Tovar (*Arredores*) ou Celso Emilio (*Longa noite de pedra*).

Todo aquel viveiro de lecturas e contactos deu pronto o seu froito e en febreiro de 1963 participou, xunto a López-Casanova, nun recital no Liceo de Ourense que presentou o catedrático Manuel Albendea (vello profesor de Casares no preuniversitario) e ao que lle puxo o ramo Otero Pedrayo. A prensa fixérase eco entrevistándoos. A *La Región* contoulle Casares que andaba a escribir un libro que se había chamar *Poemas da Limia*, obra que logo nunca viu a luz. Da súa parte, en *La Noche* anunciaron el e López-Casanova que participarían en maio nun recital en honor a Rosalía que estaba a se preparar.

E así foi, pero nese mesmo marzo concursaron ambos nas Festas Minervais, sendo laureados. Nese certame, Casares deu a coñecer a triloxía poética "Poemas lembranza", distinguida por un xurado do que formaron parte Carballo Calero, Rabanal e Borobó, con Otero Pedrayo como mantedor.

Tal como anunciaron meses antes, en maio de 1963 Casares foi un dos rapaces que participou no recital homenaxe que polo pri-

meiro Día das Letras Galegas se lle fixo a Rosalía en Fonseca. Xunto a el estiveron naquela ocasión o seu fraterno López-Casanova e mais García-Bodaño e Xohana Torres. Pois ben, o poema que entón leu Casares, "Verbas de esperanza pra Rosalía", apareceu logo publicado no primeiro número de *Grial*, a fins dese ano.

A estas alturas, o Casares poeta comezaba a facerse unha voz indispensable no panorama literario galego e continuou a obter recoñecementos, como a Flor Natural dos Xogos Florais de Vilagarcía dese 1963 co poema "Tempo de door e de esperanza", premiado por un xurado formado por Isidoro Millán, Xosé María Álvarez Blázquez e Máximo Sar.

Algo máis tarde, en xaneiro de 1965, nos baixos do Hotel Roma de Ourense, diversos artistas daquela cidade (Quesada, Manzano, De Dios e Vázquez García) amosaron os seus cadros e, con tal motivo, na inauguración fíxose un pequeno recital, no que leron composicións Tovar, Francisco Domínguez e Casares. Un mes despois, no marco das Xornadas de Confraternización Galaico-Catalás de Barcelona, participou como delegación poética un grupo do que formaron parte Celso Emilio, Ferrín, Francisco Romero e, novamente, Casares.

En 1966 volveu ser distinguido nas Festas Minervais de Compostela coa triloxía "Coma o ruído do silencio", nunha convocatoria na que foi mantedor Cunqueiro.

Mais co remate da década esmoreceu a voz lírica casariana: en 1966 aínda aparece publicada a composición "Poema de emerxen-



Casares, votando unha ollada ó "El Ideal Gallego"

cia para Antonio Machado" no modesto libríño ciclostado *Machado na nosa voz*, trescentos exemplares editados polo Círculo das Artes de Lugo baixo a coordinación de Xesús Alonso Montero e Epifanio Ramos; logo, dous poemas inseridos no número trece de *Grial*: "Amemos" e "Non", textos tamén incluídos na antoloxía bilingüe publicada pola revista *Claraboya* (1967) que preparara Basilio Losada, quen o antologou en *Poetas gallegos de postguerra* (1971) e nun especial de Fables (1971); e, finalmente, o poema "Hoxe amañecín un pouco máis pobre", incorporado en 1969 ao colectivo *Poemas al Che* que preparara o Instituto del Libro de La Habana.

En resumo: a vida pública do Casares poeta circunscribeuse aos anos sesenta. Pero, ¿como era a estética que cultivou? Figura predefinida nunhas declaracións súas a *La Región* en febreiro do 1963 que traduzo:

"O poeta vive unha situación

histórica concreta. Esta circunstancia determina o xeito de facer poesía desa época. A situación histórica actual esixenos unha poesía concreta, testemuñal, onde o xogo estético, en canto tal, pode considerarse unha traizón".

En consecuencia, a poesía de Casares espella a sensibilidade pola abafante circunstancia histórica da Galicia e a España de Posguerra. O íntimo desacougo, o acorador baleiro vital, mesmo o desamparo existencial cruzan estes versos nos que paira a morte aquí e acolá e onde apenas o paradiso da infancia e, xaora, o amor, sempre o amor, dan acubillo ante tanta dor. Porén, a súa lírica é tamén a expresión da fe na palabra, na súa capacidade transformadora no sentido que lle daba Gabriel Celaya. Unha esperanza no futuro e na superación da opresión e a morte contra as que o cantor ten de rebelarse. Porque Casares foi, a non dúbido, un poeta de principios.



Cabanas  
A fraga feita mar

365 días para vivir  
A Fraga Feita Mar



Cabanas  
Concello

**LETRAS GALEGAS 2017**

A  
PLUMA  
DO **ESCRITOR**  
DEBE ESTAR **SEMPRE**  
Ó **SERVICIO**  
DA **LIBERDADE**  
DOS **HOMES**

*Carlos Casares*

